



**INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE
PARA O ESTABLECEMENTO DAS TAXAS PARA A EMISIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DOS CURSOS
REALIZADOS NA PLATAFORMA UDC ABERTA.**

Na Universidade da Coruña (UDC) está implantada a plataforma de formación en aberto UDC Aberta, xestionada polo Centro Universitario de Formación e Innovación Universitaria (CUFIE).

As persoas que superen unha determinada formación poden descargar da plataforma un informe que non ten validez oficial. No caso de precisar unha certificación oficial da superación da formación, pode solicitala ao CUFIE segundo o procedemento que se indique en cada caso.

Establécense as seguintes taxas xerais de certificación en función do colectivo ao que pertenza a persoa no momento da solicitude:

- Gratuito para o estudantado da UDC de estudos oficiais (inclúe grao, mestrado e doutoramento).
- 10,00 € para estudantes de fóra da UDC.
- 20,00 € para persoal da UDC.
- 50,00 € para persoas alleas á UDC.

Estas taxas non aplican á formación dispoñible en UDC Aberta que conte con financiamento propio para a súa elaboración. Tampouco serán de aplicación para as formacións nas que se establezan outros prezos ou incluso a súa exención completa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente
Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
XI4YxmH9bGBmFVsiJsFz+g==	Asinado	15/01/2024 12:28:35
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	
Observacións	Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/XI4YxmH9bGBmFVsiJsFz+g==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

